

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL,
TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xullo de 2024**

Ás 16.30 horas do día 17 de xullo de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Xosé Miguel Pérez Blecua

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Plácido Álvarez Dobaño, que é substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 17 de xuño de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO SUPRAMUNICIPAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que este tema xa se tratou no Pleno e que en todo caso sería recomendable revisar algunhas das tarifas propostas.

D. Aurentino Alonso Araujo, do Grupo Socialista, reitera que isto se tratou no Pleno Provincial con ocasión da aprobación da ordenanza do servizo e insiste en que a pesar de que a entrega de moitos dos residuos que aparecen no prego flutúan, tamén considera necesario revisar algunhas delas, como poden ser o aluminio ou a chatarra.

O Sr. secretario explica que en todo caso se trata de tarifas máximas e que as definitivas serán as que oferta o concesionario que terá que valorar ao longo dos 13 anos de duración da concesión.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente elaborado para a contratación da prestación descrita do que non se deriva gasto para as arcas provinciais.

2º.- Dispoñer a apertura da fase de adxudicación mediante procedemento aberto (artigos 156 a 158 da LCSP) e en trámite ordinario (artigos 116 e 117 da LCSP). A opción polo procedemento aberto devén da súa configuración como procedemento ordinario de contratación (xunto co restrinxido) no artigo 131.2 da LCSP.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 16.48 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.